



# Boletín Oficial

## Provincia de Ourense



N.º 273 · Sábado, 27 novembro 2021

Dep. legal: OR-1/1958 · Franqueo concertado 30/2

### SUMARIO

#### IV. ENTIDADES LOCAIS

##### Allariz

Exposición pública da aprobación inicial do orzamento xeral para o exercicio económico 2022..... 2

##### Gomesende

Aprobación definitiva do expediente de suplemento de crédito núm. 101/2021..... 2

##### Ourense

Delegación temporal das funcións da Área de Servizos Sociais na concelleira Flora Moure Iglesias, o 12 de novembro de 2021..... 2

##### Petín

Exposición pública da aprobación inicial do padrón do IBI de natureza rústica do terceiro trimestre de 2021..... 3

##### Teixeira (A)

Exposición pública da aprobación inicial do orzamento municipal para o exercicio económico 2022..... 3

##### Toén

Aprobación definitiva da Ordenanza reguladora da creación do Rexistro Municipal de Soares e Edificacións Ruinosas no concello de Toén, aprobada inicialmente polo Pleno da corporación na sesión ordinaria do 18/09/2021 (exp. 354/2021)..... 4

Aprobación definitiva da modificación do artigo 5.2 da Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles do Concello de Toén (exp. 360/2021)..... 11

##### Verín

Resolución de alegacións e aprobación definitiva do Proxecto de expropiación por taxación conxunta da vía de conexión coa ponte do Támea en Pazos, no concello de Verín..... 12

##### Xinzo de Limia

Bases para a participación de expositores no Mercado de Artesanía da Limia de Nadal 2021 - 2022..... 17

##### Consorcio de Aguas de Valdeorras

Exposición pública da aprobación inicial da modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo servizo intermunicipal delegado de depuración de augas residuais nos municipios da comarca de Valdeorras..... 20

#### IV. ENTIDADES LOCALES

##### Allariz

Exposición pública de la aprobación inicial del presupuesto general para el ejercicio económico 2022..... 2

##### Gomesende

Aprobación definitiva del expediente de suplemento de crédito núm. 101/2021..... 2

##### Ourense

Delegación temporal de las funciones del Área de Servicios Sociales en la concejala Flora Moure Iglesias, el 12 de noviembre de 2021..... 3

##### Petín

Exposición pública de la aprobación inicial del padrón del IBI de naturaleza rústica del tercer trimestre de 2021..... 3

##### Teixeira (A)

Exposición pública de la aprobación inicial del presupuesto municipal para el ejercicio económico 2022..... 3

##### Toén

Aprobación definitiva de la Ordenanza Reguladora de la Creación del Registro Municipal de Soares y Edificaciones Ruinosas en el Ayuntamiento de Toén, aprobada inicialmente por el Pleno de la corporación en la sesión ordinaria de 18/09/2021 (exp. 354/2021)..... 7

Aprobación definitiva de la modificación del artículo 5.2 de la Ordenanza Fiscal Reguladora del Impuesto sobre Bienes Inmuebles del Ayuntamiento de Toén (exp. 360/2021)..... 11

##### Verín

Resolución de alegaciones y aprobación definitiva del Proyecto de Expropiación por Tasación Conjunta del Vial de Conexión con el Puente del Río Támea en Pazos, en el Ayuntamiento de Verín..... 14

##### Xinzo de Limia

Bases para la participación de expositores en el Mercado de Artesanía de A Limia de Navidad 2021 - 2022..... 18

##### Consorcio de Aguas de Valdeorras

Exposición pública de la aprobación inicial de la modificación de la Ordenanza Fiscal Reguladora de la Tasa por el Servicio Intermunicipal Delegado de Depuración de Aguas Residuales en los Municipios de la Comarca de Valdeorras..... 20



#### IV. ENTIDADES LOCAIS IV. ENTIDADES LOCALES

##### Allariz

O Pleno do Concello de Allariz, na sesión extraordinaria que tivo lugar o día 24 de novembro de 2021, aprobou inicialmente o orzamento xeral para o exercicio 2022, integrado polos orzamentos da propia entidade que ascenden a 6.277.347 euros, en ingresos e gastos, sen déficit inicial; e os estados de previsión de gastos e ingresos da sociedade mercantil Reatur, S.A. Non se prevé que a empresa Mediambiental Alaricana, S.L. teña actividade no exercicio 2022. O orzamento integra, así mesmo, os cadros de persoal e as bases de execución do orzamento.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e demais disposicións concordantes, expónse ao público polo prazo de quince días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar as reclamacións ante o Pleno. O orzamento considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

O orzamento entrará en vigor no exercicio 2022, unha vez publicado no Boletín Oficial da Provincia o resumo por capítulos de cada un dos orzamentos que o integran.

Allariz, 24 de novembro de 2021. A alcaldesa.  
Asdo.: María Cristina Cid Fernández.

*El Pleno del Ayuntamiento de Allariz, en la sesión extraordinaria celebrada el día 24 de noviembre de 2021, aprobó inicialmente el presupuesto general para el ejercicio 2022, integrado por los presupuestos de la propia entidad que ascienden a 6.277.347 euros, en ingresos y gastos, sin déficit inicial; y los estados de previsión de gastos e ingresos de la sociedad mercantil Reatur, S.A. No se prevé que la empresa Mediambiental Alaricana, S.L. tenga actividad en el ejercicio 2022. El presupuesto integra, así mismo, las plantillas de personal y las bases de ejecución del presupuesto.*

*En cumplimiento de lo dispuesto en el artículo 169.1 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por el Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, y demás disposiciones concordantes, se exponen al público por el plazo de quince días hábiles, contados a partir del siguiente al de la publicación de este anuncio en el BOP, durante los cuales los interesados podrán examinarlos y presentar las reclamaciones ante el Pleno. El presupuesto se considerará definitivamente aprobado si durante el citado plazo no se presentasen reclamaciones; en caso contrario, el Pleno dispondrá de un plazo de un mes para resolverlas.*

*El presupuesto entrará en vigor en el ejercicio 2022, una vez publicado en el Boletín Oficial de la Provincia el resumen por capítulos de cada uno de los presupuestos que lo integran.*

Allariz, 24 de noviembre de 2021. La alcaldesa.  
Fdo.: María Cristina Cid Fernández.

R. 3.065

##### Gomesende

Unha vez aprobado definitivamente o expediente de suplemento de crédito financiado con cargo ao remanente líquido de Tesouraría (exp. 101/2021), publícase para os efectos do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo:

Suplemento en aplicacións de gastos:

1. 165/63300: obra de “Renovación das instalacións de iluminación exterior de Gomesende”, por importe de 20.434,99 €.

2. 151/64000: investimentos de carácter inmaterial, por importe de 5.000,00 €.

Esta modificación finánciase con cargo ao remanente de Tesouraría do exercicio anterior, nos seguintes termos:

Suplemento en concepto de ingresos

-870: remanente líquido de Tesouraría, por importe total de 25.434,99 €.

Contra o presente acordo, en virtude do que dispón o artigo 171 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, os/as interesados/as poderán interpor directamente un recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que establecen os artigos do 25 ao 42 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición.

Sen prexuízo diso, a teor do artigo 113.3 da Lei 7/1985, a interposición do dito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Gomesende, 11 de novembro de 2021. A alcaldesa.

Asdo.: Pura Rodríguez Álvarez.

*Una vez aprobado definitivamente el expediente de suplemento de crédito financiado con cargo al remanente líquido de Tesorería (exp. 101/2021), se publica para los efectos del artículo 169.1, por remisión del 177.2, del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por el Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo:*

*suplemento en aplicaciones de gastos:*

*1. 165/63300: obra de “Renovación de las instalaciones de iluminación exterior de Gomesende”, por importe de 20.434,99 €.*

*2. 151/64000: inversiones de carácter inmaterial, por importe de 5.000,00 €.*

*Esta modificación se financia con cargo al remanente de Tesorería del ejercicio anterior, en los siguientes términos:*

*Suplemento en concepto de ingresos:*

*- 870: remanente líquido de Tesorería, por importe total de 25.434,99 €.*

*Contra el presente acuerdo, en virtud del artículo 171 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por el Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, los/as interesados/as podrán interponer directamente un recurso contencioso-administrativo en la forma y plazos que establecen los artículos del 25 al 42 de la Ley 29/1998, de 13 de julio, Reguladora de dicha Jurisdicción.*

*Sin perjuicio de eso, a tenor del artículo 113.3 de la Ley 7/1985, la interposición de dicho recurso no suspenderá por si sola la efectividad del acto o acuerdo impugnado.*

*Gomesende, 11 de noviembre de 2021. La alcaldesa.*

*Fdo.: Pura Rodríguez Álvarez.*

R. 2.967

##### Ourense

Decreto núm. 2021008290, do 9 de novembro de 2021

“Decreto da Alcaldía-Ourense, na data da sinatura electrónica No uso das atribucións que me foron concedidas polo art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e en relación co que dispoñen os artigos 43 e seguintes do



Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, esta alcaldía, por razóns de ausencia da concelleira Eugenia Díaz Abella, resolve:

1. Delegar temporalmente as funcións da Área de Servizos Sociais, que están atribuídas á concelleira Eugenia Díaz Abella, en virtude do Decreto núm. 2021005267, do 02/07/2021 e do acordo da Xunta de Goberno Local do 08/07/2021, na concelleira Flora Moure Iglesias, o día 12 de novembro de 2021.

2. Nas resolucións que se adopten no exercicio das delegacións conferidas por esta alcaldía, farase constar expresamente esta circunstancia e a data da presente resolución.

3. Notificarlle persoalmente esta resolución á designada. A delegación, para ser eficaz, requirirá a súa aceptación por parte do delegado. Entenderase aceptada tacitamente se no termo de tres días hábiles, que contarán desde a notificación do acordo á concelleira destinataria da delegación, non fai manifestación expresa diante do órgano delegante de que non acepta a delegación.

4. Informarase o Pleno e a Xunta de Goberno Local na primeira sesión que teña lugar e publicarse no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Ourense e do concello, sen prexuízo da súa efectividade desde o mesmo día da súa sinatura.

Mándao e asíno o alcalde e eu, como oficiala maior, dou fe. O alcalde. Asdo.: Gonzalo Pérez Jácome.

A oficiala maior. Asdo.: Silvia Alonso Fernández.”

Ourense, na data da sinatura electrónica. O alcalde.

Asdo.: Gonzalo Pérez Jácome.

*Decreto núm. 2021008290, de 9 de noviembre de 2021*

*“Decreto de la Alcaldía-Ourense, en la fecha de la firma electrónica*

*En el uso de las atribuciones que me fueron concedidas por el art. 124 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Régimen Local y en relación con lo que disponen los artículos 43 y siguientes del Real Decreto 2568/1986, de 28 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, esta alcaldía, por razones de ausencia de la concejala Eugenia Díaz Abella, resuelve:*

*1. Delegar temporalmente las funciones del Área de Servicios Sociales, que están atribuidas a la concejala Eugenia Díaz Abella, en virtud del Decreto núm. 2021005267, de 02/07/2021 y del acuerdo de la Junta de Gobierno Local de 08/07/2021, en la concejala Flora Moure Iglesias, el día 12 de noviembre de 2021.*

*2. En las resoluciones que se adopten en el ejercicio de las delegaciones conferidas por esta alcaldía, se hará constar expresamente esta circunstancia y la fecha de la presente resolución.*

*3. Notificarle personalmente la presente resolución a la designada. La delegación, para ser eficaz, requerirá su aceptación por parte del delegado. Se entenderá aceptada tácitamente si en el término de tres días hábiles, que se contarán desde la notificación del acuerdo a la concejala destinataria de la delegación, no hace manifestación expresa delante del órgano delegante de que no acepta la delegación.*

*4. Se informará al Pleno y a la Junta de Gobierno Local en la primera sesión que tenga lugar y se publicará en el Boletín Oficial de la Provincia y en el tablón de anuncios de la sede electrónica del Ayuntamiento de Ourense y del ayuntamiento, sin perjuicio de su efectividad desde el mismo día de su firma.*

*Lo manda y firma el alcalde y yo, como oficiala mayor, doy fe.*

*El alcalde. Fdo.: Gonzalo Pérez Jácome.*

*La oficiala mayor. Fdo.: Silvia Alonso Fernández.”*

*Ourense, en la fecha de la firma electrónica. El alcalde.*

*Fdo.: Gonzalo Pérez Jácome.*

**R. 2.954**

## Petín

Unha vez aprobado o padrón correspondente ao IBI de natureza rústica, correspondente ao terceiro trimestre de 2021, deste concello, atópase exposto ao público, na Secretaría municipal, durante o prazo de quince días hábiles, que contarán a partir do día seguinte ao de publicarse no BOP, para os efectos do seu exame ou posibles reclamacións.

Petín, 9 de novembro de 2021. A alcaldesa.

Asdo.: Raquel M.<sup>a</sup> Bautista Carballo.

*Una vez aprobado el padrón correspondiente al IBI de naturaleza rústica, correspondiente al tercer trimestre de 2021, de este ayuntamiento, se encuentra expuesto al público, en la Secretaría municipal, durante el plazo de quince días hábiles, que se contarán a partir del día siguiente al de publicarse en el BOP, para los efectos de su examen o posibles reclamaciones.*

*Petín, 9 de noviembre de 2021. La alcaldesa.*

*Fdo.: Raquel M.<sup>a</sup> Bautista Carballo.*

**R. 2.956**

## A Teixeira

Unha vez aprobado inicialmente, na sesión ordinaria do Pleno deste concello do día 24 de novembro de 2021, o orzamento, bases de execución e o cadro de persoal funcionario, laboral e eventual para o exercicio económico 2022, conforme co previsto no artigo 169 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e o artigo 20 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, expónse ao público o expediente e a documentación preceptiva polo prazo de quince días contados desde a publicación deste anuncio, para os efectos de reclamacións e alegacións.

De conformidade co acordo adoptado, o orzamento considerase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións ou alegacións.

A Teixeira, 24 de novembro de 2021.

Asinado electronicamente.

*Una vez aprobado inicialmente, en la sesión ordinaria del Pleno de este ayuntamiento del día 24 de noviembre de 2021, el presupuesto, bases de ejecución y la plantilla de personal funcionario, laboral y eventual para el ejercicio económico 2022, con arreglo a lo previsto en el artículo 169 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por el Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, y el artículo 20 del Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, se expone al público el expediente y la documentación preceptiva por el plazo de quince días contados desde la publicación de este anuncio, para los efectos de reclamaciones y alegaciones.*

*De conformidad con el acuerdo adoptado, el presupuesto se considerará definitivamente aprobado si durante el citado plazo no presentan reclamaciones o alegaciones.*

*A Teixeira, 24 de noviembre de 2021.*

*Firmado electronicamente.*

**R. 3.064**



## Toén

De acordo co que establece o artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, por medio deste anuncio publícase o acordo de aprobación e o texto íntegro da Ordenanza reguladora da creación do Rexistro Municipal de Soares e Edificacións Ruinosas no Concello de Toén, aprobada inicialmente polo Pleno da corporación na sesión ordinaria do 18/09/2021. Tras o trámite de información ao público o acordo de aprobación inicial, o texto quedou considerado definitivo por non se presentaren reclamacións ou alegacións.

“(…) 2.º Aprobación inicial da Ordenanza reguladora da creación do Rexistro Municipal de Soares e Edificacións Ruinosas no concello de Toén (exp. 354/2021)

(…)

Unha vez finalizadas as intervencións, sométese a votación o ditame da Comisión Informativa Xeral de Asuntos do Pleno, co resultado da aprobación por unanimidade (10 votos) dos/as membros da corporación presentes na sesión, do seguinte acordo:

Primeiro. Aprobar de xeito inicial, segundo dispón o artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o proxecto de Ordenanza reguladora da creación do Rexistro Municipal de Soares e Edificacións Ruinosas no concello de Toén, que se une como anexo a este acordo.

Segundo. Someter o expediente ao trámite de información pública e audiencia aos/ás interesados/as durante o prazo de 30 días hábiles, mediante a publicación dun anuncio no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal (<https://concello.toen.sedelectronica.es>) e no Boletín Oficial da Provincia, para que, durante o dito prazo, os/as interesados/as poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións ou suxestións que consideren oportunas, que, de producírense, serán resoltas polo Pleno da corporación. Xunto co anuncio, publícase o texto íntegro do proxecto de ordenanza aprobado no taboleiro de anuncios da sede e no portal de transparencia, en cumprimento do que establece a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Terceiro. Se non se presentaren reclamacións ou suxestións, o acordo entenderase definitivamente adoptado.

Cuarto. O acordo definitivo, ou o inicial considerado automaticamente definitivo, e o texto íntegro da ordenanza publícarase no Boletín Oficial da Provincia e entrará en vigor e producirá efectos unha vez transcorrido o prazo de quince (15) días hábiles que determina o artigo 65 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

### Anexo

Ordenanza reguladora de creación do Rexistro Municipal de Soares e Edificacións Ruinosas no concello de Toén

#### Exposición de motivos

O artigo 135 da Lei 2/2016, do solo de Galicia, establece, entre outras, como obrigas dos/as propietarios/as de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións, as de emprender a edificación ou rehabilitación nos termos e prazos que establece a lexislación vixente e conservalos nas condicións de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente esixibles.

Os concellos, para obrigar os/as propietarios/as dos inmobles a cumprir co que dispón o dito artigo, deberán ditar ordes de execución conforme o artigo 136 do mesmo texto legal.

O concello anualmente tramita numerosos expedientes administrativos derivados do estado deficiente de conservación de inmobles situados no núcleo de poboación que conforman o termo municipal. Na tramitación deses expedientes, os servizos municipais atópanse con diversas dificultades, como a localiza-

ción dos/as propietarios/as, a identificación correcta dos inmobles e a negativa dos/as propietarios/as a cumpriren as ordes de execución ditadas nos actos administrativos que poñen fin á tramitación dos procedementos. A iso hai que engadirlle que, en numerosas ocasións, o concello ten que exercer as súas potestades para a execución subsidiaria das ordes de execución, coa finalidade de protexer a integridade física das persoas e os posibles danos sobre os bens públicos e privados polo mal estado de conservación dos inmobles. Esas ordes de execución implican gastos que deben ser afrontados inicialmente con cargo aos orzamentos municipais e logo será complexa a súa recuperación, ben sexa pola ausencia de propietarios/as coñecidos/as, ben sexa pola negativa dos/as propietarios/as identificados/as a facérense cargo dos gastos.

A normativa urbanística establece mecanismos para afrontar este tipo de situacións problemáticas nas que os/as propietarios/as incumpren as súas obrigas urbanísticas. Non obstante, para a súa aplicación é necesario que o concello dispoña do Rexistro Municipal de Soares, tal e como recolle o artigo 137 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. O instrumento xurídico para crear o rexistro é a aprobación dunha ordenanza reguladora no exercicio da potestade regulamentaria recollida no artigo 4.1.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

O obxectivo desta ordenanza é crear o Rexistro Municipal de Soares do Concello de Toén como instrumento orientado á rehabilitación e rexeneración urbana, así como regular a súa organización e funcionamento, co fin de incluír nel os soares e as construcións en ruína ou aquelas sobre as que non se realizaran as obrigacións estipuladas nos artigos 135 e seguintes da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, unha vez que se constatou que as medidas de execución forzosa resultan ineficaces para o seu cumprimento.

Conforme o que establece o capítulo I, denominado “Fomento da edificación, conservación e rehabilitación” do título VI da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, os concellos, para poder dotar de eficacia as ordes de execución que dite en aplicación do artigo 136 da LSG motivadas polo incumprimento das obrigas dos/as propietarios/as de soares e inmobles que dispón o artigo 135, a través de mecanismos como a venda forzosa regulada nos artigos 138 e 139 do mesmo texto legal, debe ter creado o Rexistro de Soares, tal e como indica de forma expresa o artigo 137.3 cando di: “Nos municipios nos que exista Rexistro de Soares, será de aplicación o que dispoñen os artigos 138 e 139 [venta forzosa] da presente lei.”

A presente ordenanza adecúase aos principios de boa regulación contidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A ordenanza cumpre os principios de necesidade e eficacia, pois, tal e como se indica nesta exposición de motivos, a iniciativa normativa está xustificada nunha razón de interese xeral como instrumento de fomento da rehabilitación e rexeneración dos núcleos de poboación do concello. Cumpre o principio de proporcionalidade, dado que o único que fai o concello é empregar unha potestade que lle atribúe unha norma con rango legal e que actúa soamente no caso de que por parte dos/as propietarios/as dos inmobles haxa un incumprimento das súas obrigas.

Co fin de garantir o principio de seguridade xurídica, a ordenanza é coherente co resto do ordenamento xurídico, para a así xerar un marco normativo estable, predicible, integrado, claro e de certeza que facilite o seu coñecemento e comprensión por parte da veciñanza.

Finalmente, indícase que se cumpre co principio de eficiencia, pois a ordenanza pretende evitar cargas administrativas innecesarias ou accesorias e pretende tamén, na súa aplicación, racionalizar a xestión dos recursos públicos.

#### Título I. Disposicións xerais

##### Artigo 1.º Obxecto

Esta ordenanza ten por obxecto crear o Rexistro Municipal de Soares do Concello de Toén como instrumento orientado á rehabilitación e rexeneración urbana, así como regular a súa organización e funcionamento, co fin de incluír nel os soares e as construcións en ruína ou aquelas sobre as que non se realizaron as obrigacións que recollen os artigos 135 e seguintes da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, unha vez que se constatou que as medidas de execución forzosa resultan ineficaces para o seu cumprimento.

#### Título II. Obrigas dos/as propietarios/as de terreos e construcións

##### Artigo 2.º Deberes de uso, conservación e rehabilitación

O artigo 135 da Lei 2/2016, do solo de Galicia, establece que os/as propietarios/as de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións, deberán:

- Emprender a edificación ou rehabilitación nos termos e prazos que establece a lexislación vixente. O deber de edificar inclúe o deber dos/as propietarios/as de remataren as edificacións para cuxa execución obtiveron a preceptiva licenza.
- Destinalos aos usos que sexan compatibles coa ordenación territorial e urbanística.
- Conservalos nas condicións legais para servirlles de soporte aos ditos usos e, en todo caso, nas de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente esixibles.
- Realizar os traballos e as obras necesarios para satisfacer os requisitos básicos da edificación que establecen as normas legais que lles sexan esixibles en cada momento.
- Realizar obras adicionais por motivos turísticos ou culturais ou para mellorar a calidade e sustentabilidade do medio urbano.

O deber de conservación a cargo dos/as propietarios/as alcanza ata o importe correspondente á metade do valor actual de construción dun inmovible de nova planta, equivalente ao orixinal en relación coas características construtivas e a superficie útil, realizado coas condicións necesarias para que a súa ocupación sexa autorizable ou, no seu caso, quede en condicións de ser destinado legalmente ao uso que lle sexa propio.

Os/as propietarios/as de terreos conservarán e manterán o chan natural e, no seu caso, a masa vexetal nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios e impedirán a contaminación da terra, o aire e a auga, e demais condicións que determinen na lexislación vixente.

##### Artigo 3. Ordes de execución

Os concellos ditarán ordes de execución (art. 136 da Lei 2/2016) que obriguen os/as propietarios/as de bens inmobles a:

- Realizar as actuacións necesarias para darlle o debido cumprimento aos deberes sinalados no artigo 135 da Lei 2/2016.
- Realizar as actuacións necesarias para adaptar as edificacións e construcións á contorna, segundo o que establece o artigo 91 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

#### Título III. Do rexistro de soares

##### Artigo 4.º Natureza do Rexistro

O Rexistro municipal ten a consideración de rexistro administrativo de carácter público, e está constituído por todos aqueles inmobles, xa sexan soares ou edificios, que fosen previamente incluídos nel mediante unha resolución administrativa para o efecto.

##### Artigo 5.º Ámbito de aplicación

O ámbito de aplicación do Rexistro Municipal de Soares abarca a todos os inmobles incluídos no termo municipal do concello de Toén.

##### Artigo 6.º Inmobles susceptibles de inclusión

Son susceptibles de se incluíren no Rexistro Municipal de Soares os inmobles que se atopen nos seguintes supostos:

###### 1. Soares:

a. Os soares cuxos propietarios, solicitando licenza de obras, incumpran os prazos de iniciación, conclusión e non interrupción da construción establecidos na propia licenza ou, na súa falta, o que dispón a lexislación urbanística aplicable. A caducidade da licenza será declarada tras a audiencia previa co/a interesado/a.

b. Aqueles soares cuxos/as propietarios/as, recibindo unha orde de execución da edificación, deixen transcorrer un ano sen solicitaren a licenza preceptiva.

c. Soares que adquiran tal condición como consecuencia da destrución dun edificio catalogado, mediando incumplimento por parte do seu propietario do deber normal de conservación, cando a Administración non opte pola súa expropiación.

d. Aqueles soares cuxos/as propietarios/as incumprisen a orde oportuna de execución de actuacións para garantir as condicións de seguridade, salubridade e ornato público, incluíndo ordes de limpeza ou de xestión da biomasa vexetal.

###### 2. Edificios

a. Aqueles respecto dos que se incumpra a obrigación de efectuar obras de conservación e rehabilitación derivada dunha orde de execución.

###### b. Os edificios en ruína

##### Artigo 7.º Procedemento de inclusión de inmobles

7.1. A inclusión no rexistro efectuarase de oficio ou por instancia de calquera interesado/a e realizarase mediante un acordo motivado que deberá incluír, polo menos, aqueles datos urbanísticos, catastrais e rexistrais que permitan unha identificación inequívoca e o máis completa posible tanto do inmovible obxecto da inclusión como dos seus posibles propietarios. Con carácter previo á inclusión dun inmovible no Rexistro Municipal de Soares, ha de constarse a ineficacia das medidas de execución forzosa das ordes oportunas de execución, edificación ou rehabilitación.

7.2. Unha vez que se constate que as medidas de execución forzosa resultaron ineficaces, iníciarase o procedemento para a inclusión do inmovible no Rexistro Municipal de Soares.

Consideraranse ineficaces as medidas de execución forzosa nos seguintes supostos:

1. Se se impuxeron dúas multas coercitivas sen que os/as propietarios/as cumprisen satisfactoriamente os seus deberes urbanísticos.

2. Se o concello carece de consignación orzamentaria adecuada e suficiente para acometer a execución subsidiaria da orde de execución urbanística, demolición, edificación ou rehabilitación.

3. Se non se puido practicar a notificación da orde de execución e esta se realiza mediante anuncios no BOE, conforme o que establece o artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sempre que se advirta previa e expresamente no anuncio acerca da inclusión do inmovible no Rexistro Municipal de Soares.

4. Se se trata dun ben patrimonial dunha Administración pública ou entidade dependente e incumpriu a orde de execución debidamente notificada.



7.3. O procedemento de inclusión axustarase ao que establece a Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

7.4. O trámite de audiencia realizarase respecto dos/as propietarios/as, titulares de dereitos reais, arrendatarios/as, ocupantes ou titulares de calquera dereito que conste no Rexistro da Propiedade, no Catastro ou sexa comunicado polos/as interesados/as. Unha vez transcorrido o prazo de audiencia e tramitado o expediente conforme a normativa vixente, o alcalde resolverá, mediante un decreto, a inclusión do inmovible no Rexistro Municipal de Soares ou, no seu caso, pronunciarase sobre a improcedencia da inclusión.

7.5. A resolución ditarase no prazo de seis meses desde que se inicie o expediente.

#### Artigo 8.º Inscrición

A inscrición no Rexistro Municipal de Soares habilitará o concello para tramitar a venda forzosa do inmovible, nos termos que recolle a lexislación do solo de Galicia. O concello, no prazo máximo dun ano desde que se inclúa o inmovible no Rexistro Municipal de Soares, sacará a poxa pública, co tipo de licitación que resulte da valoración do inmovible. Se a poxa for declarada deserta, o concello, no prazo de seis meses, poderá adquirir o inmovible con destino ao patrimonio público do solo ou convocarase de novo, no mesmo prazo, con rebaixa do prezo tipo nun 25%. Se a segunda poxa tamén quedar deserta, o concello, no prazo doutros seis meses, poderá adquirir o inmovible con destino ao patrimonio público do solo polo prezo de licitación da segunda poxa.

O pago ao/á propietario/a do prezo obtido compensarase, total ou parcialmente, ao que en ningún caso lle corresponderá unha cantidade superior á valoración do inmovible, con cargo ao importe das sancións ou multas coercitivas firmes en vía administrativa e impostas por razón do incumprimento dos deberes e cargas urbanísticas que recaen sobre o inmovible, así como con cargo aos custos administrativos e tributarios, de valoración e de tramitación e inscrición no Rexistro da Propiedade.

Unha vez transcorridos os prazos que establecen os apartados anteriores sen que o concello realizase os trámites correspondentes, a inclusión do inmovible no Rexistro Municipal de Soares quedará sen efectos e non se poderá volver practicar a inscrición a non ser que transcorra o prazo dun ano desde a súa caducidade.

O/a adquirente de soares e construcións no procedemento de venda forzosa quedará obrigado/a a iniciar ou renovar as obras de edificación ou rehabilitación no prazo dun ano, a partir da data de toma de posesión do predio. O incumprimento polo/a adquirente das obrigas anteriores determinará de novo a inclusión do inmovible no Rexistro Municipal de Soares.

#### Título IV. Do Libro rexistro

##### Artigo 9.º Concepto

O Rexistro Municipal de Soares ten carácter público e créase coa finalidade de incluír os soares ou as construcións en ruína, inadecuadas ou paralizadas, como medio de instrumentar a venda forzosa nos casos de incumprimento dos deberes urbanísticos de edificación nos prazos establecidos. En consonancia cos artigos 137 e 139 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o incumprimento dos deberes de conservación e rehabilitación de terreos, construcións e edificios determinará a súa inclusión no rexistro citado. O Libro rexistro é o soporte documental no que quedan inscritos todos os inmovibles incluídos no Rexistro. As certificacións que se expidan dos seus datos terán a consideración de documento público para todos os efectos administrativos, con valor

probatorio. O rexistro de soares estará a cargo da Secretaría municipal. O rexistro deberá establecerse en soporte informático a modo de libro electrónico integrado no xestor de expedientes do concello, de modo análogo aos libros oficiais de actas e resolucións dos órganos municipais, e garantirá a constancia dos datos e circunstancias que se detallan no artigo seguinte.

##### Artigo 10.º Organización

O Libro rexistro municipal de soares e edificios a rehabilitar constará de dúas seccións:

a. Sección de soares.

b. Sección de edificacións declaradas en ruína e construcións paralizadas e inadecuadas.

##### Artigo 11.º Seccións

As seccións confeccionaranse conforme ás seguintes regras:

1. Tanto os soares como os edificios para rehabilitar numeraranse correlativamente por orde de inscrición.

2. A transcripción dos datos correspondentes a cada leira inscrita no rexistro efectuarase nun documento independente. Unha vez efectuada a folia, será legalizada coa sinatura electrónica da persoa responsable da Secretaría do concello e do alcalde.

##### Artigo 12.º Competencias

De conformidade coa normativa vixente sobre réxime local, correspóndelle ao alcalde ou ao concelleiro ou concelleira en quen delegue as seguintes atribucións en relación co Libro rexistro municipal de soares:

1. Iniciar o procedemento de inclusión no Rexistro

2. Acordar, mediante a resolución correspondente, a inscrición de inmovibles no Rexistro, así como a modificación ou cancelación dos asentos correspondentes, sen prexuízo de que a dita competencia poida ser delegada no seu caso na Xunta de Goberno Local ou nun concelleiro ou concelleira delegada.

##### Artigo 1.3. Datos inscribibles

O Libro rexistro municipal de soares expresará, respecto de cada edificio ou soar, as circunstancias seguintes:

a) Situación, extensión e lindeiros da leira.

b) Identidade e domicilio do/a propietario/a.

c) Referencia catastral e datos de inscrición no Rexistro da Propiedade.

d) Cargas, gravames e situacións xurídicas inscritas no Rexistro da Propiedade, con identificación dos seus titulares.

e) Arrendatarios/as e ocupantes do inmovible.

f) Datos administrativos: número de expediente, orde de edificación e prórrogas concedidas ou declaración de situación legal de ruína/orde de execución incumplida /declaración de incumprimento de deberes urbanísticos ou orde de inclusión ou motivo da inclusión, outras resolucións administrativas que lle afecten, cancelación e motivo da cancelación.

g) As determinacións dos instrumentos de plan urbanístico aplicables, que figurarán na cédula urbanística correspondente.

h) A valoración do inmovible.

##### Artigo 14.º Inscrición

Unha vez ordenada a inclusión do inmovible por resolución do órgano municipal competente e notificada esta aos/ás interesados/as, practicarase de oficio o asento de inscrición no Libro rexistro municipal de soares.

##### Artigo 15.º Cancelación de asentos

Unha vez emendadas definitivamente as circunstancias que motivaron a inclusión dun inmovible no Rexistro poderá realizarse, de oficio ou por solicitude do/a interesado/a, a cancelación da súa inclusión. A dita cancelación deberá acordarse mediante unha resolución municipal debidamente motivada e cos mesmos requisitos esixidos nesta ordenanza para a inclusión. Se por

calquera circunstancia se producir un erro na inclusión dun inmovible no Rexistro, a Administración, de oficio ou por instancia de calquera interesado/a, cancelará a inclusión na forma que determina o parágrafo anterior e fará constar expresamente o erro na resolución que se dite. Das resolucións de cancelación, sexa cal for o motivo destas, informárase o Rexistro da Propiedade para o seu coñecemento e para os efectos oportunos, mediante unha certificación expedida pola Secretaría municipal.

Título V. Da publicidade e acceso ao Rexistro

Artigo 16.º Rexistro público

O Rexistro Municipal de Soares e Edificios a Rehabilitar posúe a natureza de rexistro público de carácter administrativo, polo que deberá manterse en condición de consulta pública, á disposición de calquera cidadán ou cidadá, sen que para ese efecto resulte esixible acreditar a condición de interesado/a.

Artigo 17.º Certificación de datos

As certificacións que se emitan do Rexistro serán transcripción íntegra e literal dos asentos correspondentes a cada soar ou edificio incluído no Rexistro Municipal de Soares que os/as interesados/as sinalen ou, no seu caso, un certificado que acredite a inexistencia de asento ningún sobre o soar ou edificio.

Artigo 18.º Comunicación ao Rexistro da Propiedade

De conformidade co artigo 137 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, a orde de inclusión de inmovibles no Rexistro Municipal de Soares notificaráselle ao Rexistro da Propiedade, coa finalidade de divulgar a publicidade rexistral á situación urbanística do predio.

Para tal extremo, remitiráselle ao Rexistro da Propiedade un certificado que conteña a transcripción literal da resolución administrativa que ordene incluír o predio no Rexistro Municipal de Soares, unha vez sexa firme en vía administrativa, onde se faga constar que se practicaron as notificacións aos/ás titulares rexistrais, así como os datos de inscrición no Rexistro administrativo.

Disposición final. Entrada en vigor

A presente ordenanza entrará en vigor aos 15 días hábiles, que contarán desde o día seguinte ao da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

Contra este acordo, poderase interpor un recurso contencioso-administrativo ante da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, que contarán desde o día seguinte ao de publicarse este anuncio, de conformidade co que establece o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Todo iso sen prexuízo de que se poida interpor calquera outro recurso que se considere pertinente.

Toén, na data de sinatura electrónica. O alcalde.

Asdo.: Ricardo González Gómez.

---

*De acordo con lo que establece el artículo 70.2 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, por medio del presente anuncio se publica el acuerdo de aprobación y el texto íntegro de la Ordenanza Reguladora de la Creación del Registro Municipal de Solares y Edificaciones Ruinosas en el Ayuntamiento de Toén, aprobada inicialmente por el Pleno de la corporación en la sesión ordinaria de 18/09/2021. Tras el trámite de información al público, el acuerdo de aprobación inicial quedó considerado definitivo por no haberse presentado reclamaciones ni alegaciones.*

*“(…) 2.º aprobación inicial de la Ordenanza Reguladora de la Creación del Registro Municipal de Solares y Edificaciones Ruinosas en el Ayuntamiento de Toén (exp. 354/2021)*

*(…)*

*Una vez finalizadas las intervenciones, se somete a votación el dictamen de la Comisión Informativa General de Asuntos del Pleno, con el resultado de la aprobación por unanimidad (10 votos) de los/as miembros de la corporación presentes en la sesión, del siguiente acuerdo:*

*Primero. Aprobar de forma inicial, según dispone el artículo 49 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, el proyecto de Ordenanza Reguladora de la Creación del Registro Municipal de Solares y Edificaciones Ruinosas en el Ayuntamiento de Toén, que se une como anexo a este acuerdo.*

*Segundo. Someter el expediente al trámite de información pública y audiencia a los/as interesados/as durante el plazo de 30 días hábiles, mediante la publicación de un anuncio en el tablón de anuncios de la sede electrónica municipal (<https://concellodetoen.sedelectronica.es>) y en el Boletín Oficial de la Provincia, para que, durante dicho plazo, los/as interesados/as puedan examinar el expediente y presentar las reclamaciones o sugerencias que consideren oportunas, que, de producirse, serán resueltas por el Pleno de la corporación. Junto con el anuncio, se publicará el texto íntegro del proyecto de ordenanza aprobado en el tablón de anuncios de la sede y en el portal de transparencia, para cumplir lo que establece la Ley 19/2013, de 9 de diciembre, de Transparencia, Acceso a la Información Pública y Buen Gobierno.*

*Tercero. Si no se presentasen reclamaciones o sugerencias, el acuerdo se entenderá definitivamente adoptado.*

*Cuarto. El acuerdo definitivo, o el inicial considerado automáticamente definitivo, y el texto íntegro de la ordenanza, se publicará en el Boletín Oficial de la Provincia y entrará en vigor y producirá efectos una vez transcurrido el plazo de quince (15) días hábiles que determina el artículo 65 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local.*

Anexo

*Ordenanza Reguladora de la Creación del Registro Municipal de Solares y Edificaciones Ruinosas en el Ayuntamiento de Toén*  
*Exposición de motivos*

*El artículo 135 de la Ley 2/2016, del Suelo de Galicia, establece, entre otros, como deberes de los/as propietarios/as de toda clase de terrenos, construcciones, edificios e instalaciones, los de emprender la edificación o rehabilitación en los términos y plazos que establece la legislación vigente y conservarlos en las condiciones de seguridad, salubridad, accesibilidad universal y ornato legalmente exigibles.*

*Los ayuntamientos, para obligar a los/as propietarios/as de los inmuebles a cumplir con lo que dispone dicho artículo, deberán dictar órdenes de ejecución conforme a lo que establece el artículo 136 del mismo texto legal.*

*El ayuntamiento anualmente tramita numerosos expedientes administrativos derivados del deficiente estado de conservación de inmuebles situados en los núcleos de población que conforman el término municipal. En la tramitación de estos expedientes, los servicios municipales se encuentran con diversas dificultades, como la localización de los/as propietarios/as, la identificación correcta de los inmuebles y la negativa de los/as propietarios/as al cumplimiento de las órdenes de ejecución dictadas en los actos administrativos que ponen fin a la tramitación de los procedimientos. A ello hay que añadir que, en numerosas ocasiones, el ayuntamiento*



